

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
modernización
e innovación



Falamos de modernización e innovación Crecemos máis e crecemos mellor

A primeira etapa do cambio

- Galicia emprendeu o camiño da súa modernización económica. Puxemos os alicerces para cambiar o vello modelo produtivo herdado do PP a través dunha aposta clara e decidida pola innovación e a competitividade, pola investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, que nos permita incorporarnos plenamente á sociedade do coñecemento.
- Nesta lexislatura creáronse máis empresas que nunca, investiuse máis en investigación, en desenvolvemento, en novas tecnoloxías e aumentamos a nosa competitividade exterior. **Galicia, pese á crise conseguiu crecer máis e, sobre todo, creceu mellor.**
- **Creáronse 19.332 novas empresas, un 11% máis que na lexislatura pasada.** O emprendimento encontrou menos trabas burocráticas, maior apoio para as pequenas empresas, e máis facilidades para a súa relación coa administración. Apoiamos o dinamismo con axudas e formación.
- **Aumentamos un 30% a inversión en I+D+i**, pasando de ser o 0,8% do PIB galego a ser o 1,1%. Os máis de 1.000 millóns de euros dedicados supoñen unha aposta, clara e contundente, por un modelo de crecemento distinto: baseado na xeración de coñecemento, no traballo investigador, e na produción de innovación aplicada ás nosas vantaxes competitivas e maiores potencialidades.
- **Coordinamos a planificación e creación de solo industrial.** A elaboración dun Mapa Estratégico permitiunos crear 42 millóns de m2 de solo, mellor integrado nas vías de distribución, e máis atractivo para os proxectos empresariais de maior interese estratéxico para a economía e o emprego de Galicia. Triplicamos a inversión que o PP fixo en 15 anos.
- **Formamos en novas tecnoloxías para xerar emprego, dinamizar a economía e fortalecer as bases da innovación;** características da sociedade do coñecemento. A creación do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia busca desenvolver unha base económica de alto valor engadido e competitividade nos mercados internacionais.
- **Abrimos a nosa economía e gañamos cota nos mercados máis dinámicos e competitivos.** Nos últimos 3 anos incrementamos nun 50% o monto proveniente das exportacións ao estranxeiro. Melloramos a nosa competitividade internacional, exportamos tanto como importamos.
- **Reforzamos o comercio minorista galego** a través de iniciativas como a “rede Comercio Rural Galego” ou o selo de calidade “comercio galego!”. As estratexias de

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



cooperación e creación de valor foron un paso fundamental para a proxección do comercio minorista. Con este traballo reforzamos a infraestrutura minorista na súa loita contra a crise.

- **Alentamos a eficiencia enerxética no ámbito doméstico** a través de distintas liñas de axuda: a renovación de electrodomésticos por outros novos de clasificación A+, ou axudas á substitución de fiestras nas casas e edificios por outros modelos de dobre acristalamento. A eficiencia enerxética é clave na loita contra o cambio climático.
- **Aceleramos a penetración da TDT.** A Fonsagrada foi o primeiro concello de España ao que chegou o “apagón analóxico” e contar co 100% da súa superficie con cobertura en sinal dixital. Ademais, iniciamos o camiño para que Galicia sexa en 2010 líder na incorporación da TDT.
- **Impulsamos o software libre**, deseñando o primeiro Sistema Operativo galego e en galego: Galinux.

A segunda etapa do cambio

- **Todos os traballadores, de calquera sector produtivo, que estean afectados por un Expediente temporal de Regulación de Emprego (ERE) poderán cobrar ata o 90% do seu salario.**
- **Traballaremos como nunca para recuperar o emprego e loitaremos máis que nunca para protexer a quen sufra o desemprego. Ampliando a cobertura ao desemprego, mellorando o salario de inserción laboral e o de inserción social, e axudando a pagar a vivenda a quen padece el paro.**
- Incrementaremos a **cooperación co sector do automóbil** para mellorar a competitividade e paliar as dificultades polas que atravesamos o sector.
- Investiremos, en colaboración co Ministerio de Educación, 50 millóns de euros, e incorporaremos a 120 técnicos para impulsar o **Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes.**
- Aprobaremos a **Lei de Ordenación do Comercio de Galicia**, elaboraremos un Plan Estratégico de Mellora da Competitividade do Comercio e constituiremos o Consello Galego de Comercio.
- Reformaremos o papel do Instituto Galego de Consumo e **potenciaremos os sistemas de arbitraje para a resolución rápida de conflitos.**
- Elaboraremos un **Plan para a Minería de Galicia** e promoveremos un Programa de **naves industriais de promoción pública** e de modernización dos parques empresariais.
- Elaboraremos o Plan Galego de I+D+i 2011-2015 e **conseguiremos un nivel de esforzo en I+D+i que supere o 2% do PIB en 2013.**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **Duplicaremos o número de investigadores ata chegar aos 10.000** nas universidades, nos centros tecnolóxicos e nas empresas.
- Fomentaremos o desenvolvemento das catro tecnoloxías transversais máis importantes para o I+D en Galicia: **biotecnoloxía, nanotecnoloxía, enerxía e as TIC**; para facer que os nosos sectores produtivos sexan menos dependentes.
- **Facilitaremos liñas de axuda aos contratos de incorporación de tecnólogos e investigadores ás empresas**, con contratos estables.
- **Incentivaremos o Rexistro de patentes** nas empresas galegas.
- Promoveremos un **Programa de Internacionalización**, potenciando a participación de equipos e grupos galegos en grandes proxectos científicos e tecnolóxicos europeos e mundiais.
- Crearemos a **Rede Galega de Investigacións Científicas e Tecnolóxicas**.
- Elaboraremos un **Plan de Infraestruturas de Investigación 2010-2015**.
- Impulsaremos o **Observatorio da Competitividade de Galicia**.
- **Universalizaremos o acceso á Banda Ancha de todos os galegos e galegas**.
- Potenciaremos dunha maneira especial o desenvolvemento do software de código aberto na educación, sanidade e para o conxunto da Administración.
- **Implantaremos puntos de acceso WIFI en espazos de interese social, singularmente no rural**.
- **Completaremos a implantación da TV dixital terrestre**.
- Poremos en marcha o **Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia**, que terá a súa sede na cidade tecnolóxica de Vigo.
- Conseguiremos o **12% da enerxía interior bruta** mediante renovables.
- **Elaboraremos un Plan Director de Enerxías Renovables, un Plan de Eficiencia e Aforro de Enerxía, un Plan de Aproveitamento da Biomasa e un Clúster da Enerxía**.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



